

**EXPTE:** 13/2016: - PLAN MARCO OBRA DE: "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS"


**ASUNTO:** RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Aprobado o expediente de contratación, mediante procedemento negociado para a adxudicación da obra de **"MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS", subvención concedida ao abeiro do Plan Marco, proxecto cofinanciado polo Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), cuxos fondos se distribúen da seguinte maneira:**

- **FEADER: 75% (39.703,80 €)**
- **MARM: 7'5% (3.970,38 €)**
- **AGADER: 17,5 (9.264, 22 €)**

**É unha subvención do 100% do gasto tanto da obra coma do servizo de control de calidade, agás o IVE.**



**Presentada a documentación**, sinalada na cláusula 11ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, que rexe esta contratación, o 27 de setembro de 2016 requirida ao licitador que obtuvo a maior puntuación, de acordo ao disposto no informe técnico de valoración das ofertas admitidas, tras a fase de negociación do contrato efectuada o 15 de setembro de 2016, e emitido polo enxeñeiro técnico municipal, Don José María Troncoso Viñas o 19 de setembro de 2016, e á vista da fiscalización positiva/favorable emitida ao respecto pola Intervención Municipal en data 20 de setembro de 2016, esta alcaldía **RESOLVE:**

**1º) Adxudicar, o contrato da obra de "MELLORA DE CAMIÑOS", á empresa "MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L (MARCONSA)"** conforme ao Prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto técnico polo que se rixe esta contratación e a oferta presentada polo adxudicatario durante a fase de negociación, que executará as obras polo **prezo** de TRINTA E DOUS MIL OITOCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (32.894,30 €) SEN IVE, O IVE ASCENDE A SEIS MIL NOVECIENTOS SETE EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (6.907,80 €), **E TRINTA E NOVE MIL OITOCENTOS DOUS EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (39.802,10 €) IVE ENGADIDO**, debendo procederse a súa formalización en documento administrativo dentro dos **CINCO (5) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación ó adxudicatario, conforme o sinalado na **cláusula 13ª** do prego de cláusulas administrativas particulares.

**2º)** Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

A esta licitación foron invitadas catro empresas, e todas elas presentaron proposición para obter a súa contratación, sendo admitidas todas as presentadas, e son as que a continuación se citan:

**Plica núm. UN:** Presentada por Don Pablo Valiñas Monteagudo, en representación da empresa NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU. De conformidade co informe técnico de data 19 de setembro de 2016 de valoración das proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o 15 de setembro de 2016, e que obra no expediente, o enxeñeiro técnico municipal outórgalle á plica 36,14 puntos polo criterio de prezo, 40,00 puntos polo criterio do prazo de execución das obras e 17,06 puntos polas melloras do incremento da calidade, obtendo unha **puntuación total de 93,20 puntos**

**Plica núm. DOUS:** Presentada por Don Jesús Fontán Piñeiro, en representación da mercantil CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A (COVSA) de Pontevedra. De conformidade co informe técnico de data 19 de setembro de 2016 de valoración das proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o 15 de setembro de 2016, e que obra no expediente, o enxeñeiro técnico municipal outórgalle á plica 30,73 puntos polo criterio de prezo, 40,00 puntos polo criterio do prazo de execución das obras e 16,06 puntos polas melloras do incremento da calidade, obtendo unha **puntuación total de 86,79 puntos**.



**Plica núm. TRES:** Presentada por Don Marco A. Diéguez Barreiro, en representación da persoa xurídica MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L (MARCONSA), de Caldas de Reis. De conformidade co informe técnico de data 19 de setembro de 2016 de valoración das proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o 15 de setembro de 2016, e que obra no expediente, o enxeñeiro técnico municipal outórgalle á plica 34,94 puntos polo criterio de prezo, 40,00 puntos polo criterio do prazo de execución das obras e 20,00 puntos polas melloras do incremento da calidade, obtendo unha **puntuación total de 94,94 puntos**.

**Plica núm. CATRO:** Presentada por Don José María Iglesias Casal, en representación da mercantil MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L de Santa María de Xeve (Pontevedra). De conformidade co informe técnico de data 19 de setembro de 2016 de valoración das proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o 15 de setembro de 2016, e que obra no expediente, o enxeñeiro técnico municipal outórgalle á plica 7,71 puntos polo criterio de prezo, 20,00 puntos polo criterio do prazo de execución das obras e 00,00 puntos polas melloras do incremento da calidade, obtendo unha **puntuación total de 27,71 puntos**.

**3º) Aprobar o gasto, con cargo á partida orzamentaria 45302 / 60100 por un importe de 39.802,10 € Euros (IVE engadido).**

**4º) Unha vez formalizado o contrato e antes do comezo das obras, o contratista elaborará e presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de *quince (15) días***



**naturais** dende a firma do contrato, un **Plan de Seguridade e Saúde** na execución da obra, en aplicación do Estudo de Seguridade e Saúde que figura no proxecto de execución da obra e que reunirá os requisitos establecidos no art.7 do R.D. 1627/97, do 24-X, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras. O Plan, previamente informado polo Coordinador de Seguridade e Saúde, aprobarase, se procede, pola alcaldía ou concelleiro/a en quen delegue, facéndose constar que sen esta aprobación non poderán comezarse as obras, sendo por conta do contratista calquera responsabilidade derivada da execución das obras sen a aprobación do Plan.

**5º)** Dentro do prazo de **quince (15) días naturais** dende a formalización do contrato o Director procederá, en presenza do contratista, a efectuar a **comprobación do replanteo**, estendéndose acta do resultado que asinarase polas dúas partes, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.

**6º)** No inicio das obras terá que instalarse o cartel de obra de acordo co disposto na Resolución de 25 de xaneiro de 2016, pola que se aproba o Plan Marco: Mellora de Camiños Municipais de acceso á explotacións agrarias-2016.

**7º)** Notificar esta resolución a todos os licitadores presentados a este procedemento de contratación.

**Dada en Sanxenxo a vinte e sete de setembro de dous mil dezaseis.**

**O alcalde**

**Gonzalo Gonzalo Pita**

**ante min, secretario xeral**

**Ángel Luis López Pita**